


# CONCURSO FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA CPI DOS DICES



## Bases do concurso

O Departamento de Matemáticas do CPI dos Dices en colaboración co Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística convoca para estudantes e adultos o Concurso de Fotografía Matemática.

1. Tema das fotografías: As Matemáticas. Suxírese en particular o tema das **“Matemáticas e o cine”**.
2. Formato libre (dixital ou impreso).
3. A fotografía debe levar un **título** que a relacione co seu contido matemático. O título debe ser orixinal e será tamén avaliado polo xurado.
4. As fotografías deben ser inéditas, non se admitirán montaxes nin manipulacións dixitais.
5. Cada fotografía matemática poderá ir acompañada dun pequeno texto descritivo/explicativo sobre a vinculación da imaxe co mundo matemático.
6. Poderá participar todo o alumnado de Infantil (en colaboración coa familia), Primaria e ESO. Tamén poderá concursar nun apartado propio calquera adulto, interesado na fotografía matemática.
7. Cada participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías.
8. Establécense catro categorías nas que o xurado designará un gañador ou gañadora por categoría:
  - Alumnado de Educación Infantil
  - Alumnado de Educación Primaria
  - Alumnado de ESO
  - Adultos
9. Os premios poderán ser declarados desertos.
10. Poderanse enviar as fotografías **ata o día 31 de maio de 2023**.
11. As fotografías remitiranse en formato dixital ao correo electrónico: **matematicas.cpidosdices@gmail.com** ou entregaranse de forma impresa nun sobre co título CONCURSO FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA en conserxería indicando nome e curso do/da participante xunto co título e texto da fotografía.